


# CONSORCIO ERASMUS+ S BLENDID

BOLETÍN DE NOTICIAS



## Resumo das observacións (febreiro-xuño 2022)

FLORENCIA - DUBLÍN - PORTO - VIENA- TALLÍN

Este boletín resume as 5 estadias de observación en [Europass Teacher Academy](#), [Universidade do Porto](#), [Pädagogische Hochschule](#), [Hibernia College](#) e o [Congreso de EDEN](#)



## FLORENCIA, 17-18 DE FEBREIRO DE 2022

### En que consistiu?

A observación levouse a cabo en Europass Italian Language School (academia privada), onde puidemos:

- 1) asistir a clases presenciais de italiano e clases de conversación en liña.
- 2) recibir información sobre o emprego da aula Moodle, creación e desenvolvemento dos cursos Agile, así como utilización das súas canles de Youtube.

### Que nos levamos?

- Como funciona Europass Teacher Academy administrativa e academicamente, a súa expansión por Europa e a súa oferta educativa, en concreto, o seu pioneiro curso de italiano Agile de autoaprendizaxe na Rede. —

*Para máis información, contactar con Rut, Bego e Alicia en [rutvazquez@edu.xunta.gal](mailto:rutvazquez@edu.xunta.gal), [begonasuarez@edu.xunta.gal](mailto:begonasuarez@edu.xunta.gal), [cafi.linguasestranxeiras1@edu.xunta.gal](mailto:cafi.linguasestranxeiras1@edu.xunta.gal)*

- Como estruturar clases presenciais e en liña para maior produtividade e motivación do estudiantado: repaso da sesión anterior, práctica da gramática en contextos dialóxicos, o estudiantado crea mostras de lingua a partir da súa experiencia persoal –p. ex., veño á escola a pé–, o que reforza a memoria, e recibe insignias con frases motivadoras ao completar unha lección. —

*Para máis información, contactar con Rocío e Bego en [rocio.sanchez@edu.xunta.gal](mailto:rocio.sanchez@edu.xunta.gal), [begonasuarez@edu.xunta.gal](mailto:begonasuarez@edu.xunta.gal)*

- Como empregar a plataforma de videoconferencia BigBlueButton, integrada en Moodle, para proxectar presentacións e vídeos, escribir nun encerado, crear unha páxina de apuntamentos e salas externas de práctica oral. —

*Para máis información, contactar con Merce en [mercemartinezlorenzo@edu.xunta.gal](mailto:mercemartinezlorenzo@edu.xunta.gal)*

Bota unha ollada á [nosa presentación](#).

## PORTO, 3-4 DE MARZO DE 2022

**En que consistiu?** Constou de 3 partes:

- 1) Diálogo profesional con profesorado da **UPorto**.
- 2) Observación de 2 aulas sincrónicas (unha con xubilados/as e outra con nenos/as de 6º de primaria) e tamén do EVA da **Fundação Cupertino Miranda**.
- 3) Información sobre a creación de cursos da **UPTEC**: tanto aulas virtuais de apoio a cursos presenciais como MOOCs a distancia.

### Que nos levamos?

- Contexto similar durante a pandemia.
- Idea para un posible MOOC futuro deseñado polas EEOOII.

Bota unha ollada ás presentacións de [Mónica Millán](#), [Deirdre](#), [Natalia e Sonia](#), [Iria Monteagudo](#) ou ao [fío](#) de Twitter

## VIENA, 31 DE MARZO-1 DE ABRIL DE 2022

**En que consistiu?**

- 1) Coñecemento da investigación e marco teórico de *b-learning* e *e-learning*.
- 2) Emprego do espazo EIS para formación do profesorado en robótica e programación.
- 3) Presentación de ferramentas dixitais para o ensino de linguas.
- 4) Evento híbrido para presentar os proxectos SBLENDID e Hexagonal e escenarios de aprendizaxe.

### Que nos levamos?

Da estadía de observación:

- Pautas para manter o deseño dos EVA
- O valor da motivación do alumno como eixo central de calquera proceso de ensino-aprendizaxe, tanto en *b-learning* como no ensino presencial.

Do intercambio entre o grupo:

- Descubrimos o proxecto en Escuelas Amigas de Carmen Rodríguez (cómic e podcast).
- Grazas a Rosa Quiroga e Sonia Fernández, maneiras de dinamizar a biblioteca e achegala ao alumnado.
- Grazas a Marco Vélez, as posibilidades de edición de vídeo e do OBS.
- Grazas a Sonia Espiñeira algúns dos desafíos específicos do ensino de español a persoas estranxeiras.

Bota unha ollada ao artigo do ZLI ou ás presentacións de [Sonia Fernández](#), [Carmen Rodríguez](#), o [vídeo](#) de Marco Vélez ou o [fío](#) de Twitter.





DUBLÍN, 22 DE ABRIL - 23 DE ABRIL DE 2022

#### En que consistiu?

Visita a Hibernia College, entidade pioneira en novas metodoloxías aplicadas ao ensino virtual.

- 1) Observación do Espazo Virtual de Aprendizaxe (*MyHelms*).
- 2) Familiarización coas ferramentas dixitais e co proceso de desenvolvemento dos contidos.
- 3) Presentación da súa oferta formativa e estrutura dos cursos da modalidade semipresencial.

#### Que nos levamos?

- Como se emprega *Cohort app* para favorecer a participación e compromiso do alumnado.
- A colaboración estreita entre o seu departamento de educación dixital e os/as autores/as dos cursos tanto para a creación dos contidos como para a súa posterior revisión.

Bota unha ollada á [presentación](#) elaborada polas profesoras participantes.



TALLÍN, 19 DE XUÑO - 22 DE XUÑO DE 2022

#### En que consistiu?

O título do congreso foi "Deseñando a transformación dixital do ecosistema educativo en Europa" e tratáronse os seguintes temas:

- 1) Análise do ecosistema dixital para a educación.
- 2) Observación da evolución da aprendizaxe na Rede mediante diversas modalidades: semipresencial, híbrida, ODL (aprendizaxe aberta e a distancia) e *hyflex* (híbrida e flexible).
- 3) Redefinición da "nova normalidade" nas organizacións educativas en relación coa dixitalización.

#### Que nos levamos?

- A necesidade de prover múltiples oportunidades de feedback durante todo percorrido de aprendizaxe.
- O labor motivacional que deben desempeñar as persoas titoras.
- A urxencia de marcar as etapas do proceso de aprendizaxe, o sistema de avaliación, a asignación de tarefas e reparto do traballo, así como a necesidade de compromiso por ambas partes.

Bota unha ollada aos fíos en Twitter [1](#), [2](#), e [3](#) de Leticia Pérez ou á [presentación](#) de Alicia Del Río.